



## ACTA DA MESA DE NEGOCIACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL DO CONCELLO DE VIMIANZO.

### SESIÓN 1/2017

Na Vila de Vimianzo, ás doce horas e cinco minutos do día doce de maio de dous mil dezasete, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese, a Mesa de Negociación, ó obxecto de levar a cabo a sesión convocada para este día e coa asistencia do Sr. alcalde-presidente D. Manuel Antelo Pazos (quen preside a sesión), e os seguintes membros convocados:

a) En representación do Concello de Vimianzo:

- Don Fernando Mancebo Amigo, concelleiro de Persoal e membro da comisión mixta para a elaboración da RPT (quen se incorpora ás 12:10 minutos).
- Dona RMSM, funcionaria municipal e membro da comisión mixta para a elaboración da RPT.
- Dona MLCP, interventora municipal.

b) En representación dos sindicatos máis representativos:

Asisten:

- Don AEE, da Central Sindical Independente de Funcionarios (CSI-F).
- Dona LPF, da Central Sindical Independente de Funcionarios (CSI-F).
- Dona EPF, da Central Sindical Independente de Funcionarios (CSI-F).

Non asisten:

- O representante de Comisións Obreiras (CC.OO.).
- O representante da Unión Xeral de Traballadores (UXT).
- O representante da Confederación Intersindical Galega (CIG).

c) En representación dos traballadores:

Asiste:

- Don JRLP, delegado do persoal laboral polo sindicato Comisións Obreiras (CC.OO.).

Non asisten:

- O representante do persoal funcionario, Don JLCD (CSI-F).
- Os delegados do persoal laboral Dona RAM (CSI-F) e Don FRO (CSI-F).

Da fe do acto a secretaria da Corporación D.<sup>a</sup> María Cristina Varela García.

Declarado aberto o acto pola presidencia, seguidamente pásase a tratar os seguintes asuntos da,

### ORDE DO DÍA

#### 1. Proposta de Relación de Postos de Traballo (RPT) para o Concello de Vimianzo.

Aberto o acto, o alcalde explica que se convocou á presente reunión aos representantes dos traballadores e aos sindicatos máis representativos. Indica que o representante da CIG excusou a súa ausencia, e o representante de CC.OO. tamén se excusou porque tiña outra reunión e igual non chegaba a tempo, pero a súa vontade era a de asistir e incorporarse ás vindeiras reunións.

O Sr. E sinala que os representantes dos traballadores non teñen que estar presentes nesta Mesa.



O alcalde responde que quen convoca e preside é el e non ten gañas de entrar en polémicas. Explica que o martes desta mesma semana se celebrou unha reunión cos traballadores para presentarlles o documento. Sinala que no concello non temos RPT, que é unha obriga legal e ademais unha demanda dos sindicatos e da oposición, e un compromiso do goberno. Parten dunha plantilla que se foi conformando ao longo da historia recente do concello, conformación que se fixo de forma subxectiva, por eso hai traballadores que ocupando o mesmo posto teñen distintos salarios, e incluso nos atopamos con aumentos salariais realizados ao marxe da normativa. En consecuencia, a situación de partida é a desigualdade e inxustiza funcional e retributiva. Explica como se levou a cabo o proceso de elaboración da proposta: fíxose unha recollida de información entre os traballadores, estudouse a estrutura actual e fíxose unha redefinición do organigrama e unha valoración dos postos con criterios obxectivos. Estase valorando postos, o que non quere dicir que eses postos non estean ocupados por persoas e non teña efectos, nuns casos positivos e noutros negativos. O goberno ven a esta Mesa con vontade de negociar, pois o documento proposto é mellorable, polo que lles gustaría que a representación sindical discutise sobre eses criterios obxectivos e deixase para o final as situacións subxectivas, de ser o caso. Espera que ninguén pretenda que o concello non teña RPT, pois o goberno quere aprobala e non agarda unha oposición frontal e que se sitúen nun escenario indesexable. Hai que mirar para adiante e non para atrás. Queren tamén establecer uns criterios obxectivos de reparto da produtividade e incrementar a partida na medida do posible. Este é o punto de partida e pide deixar atrás outras cuestións pasadas co sindicato CSI-F neste concello.

De orde do alcalde, a secretaria explica que se detectaron erros no documento asinado o 8 de maio de 2017 e publicado na web municipal. Trátase basicamente de incongruencias entre o cadro resumo e as fichas dos traballadores, sen transcendencia: no cadro resumo o posto de Secretaría non ten contemplada a incompatibilidade, e nas fichas si; no posto técnico de xestión por erro faise constar que é subgrupo A1, sendo o correcto subgrupo A2; nos postos Arquitecto e Técnico de Urbanismo a información das columnas “subgrupo” e “forma de provisión” está cambiada; os auxiliares administrativos teñen un CE de 5.000 euros (cadro resumo), non de 4.500 tal como figuran nas fichas; e o operario de limpeza viaria ten “outros complementos” por importe de 5.000 euros (cadro resumo), non os 7.000 que figuran na ficha.

O alcalde dalle a palabra aos sindicatos.

O Sr. E di que fale primeiro o representante do persoal laboral.

O Sr. LP sinala que precisa uns días para recabar datos e de momento non vai dicir nada.

O Sr. E di que non sabe por onde empezar. Recoñece que eles esixiron unha RPT, pero unha RPT real, non este documento, a pesares de que coñece e ten boas referencias do catedrático Carlos Amoedo, quen asina o documento. Non sabe onde están as fichas que presentaron os traballadores, nin siquiera se se lle pediu a todos, pois hai xente que non a entregou, non sabe cales son os motivos. Considera que o lóxico é que na comisión de elaboración participen os traballadores. Reitera a necesidade dunha RPT, pero que responda á realidade. Afirmar que a súa actitude á hora de negociar vai ser sempre positiva, pero neste proceso empezamos mal. Cualifica a proposta presentada como “documento de parte”, “ad hoc”. En consecuencia, entende que sentarse a negociar sobre un documento que xa aprobou unha comisión na que non participaron é moi complicado. Di que precisan máis días para ver o documento, non obstante non están dacordo



co que viron e destaca que teñen o 100% da representación do persoal funcionario e teñen que velar polos intereses do persoal. Pide que se lle faciliten eses informes nos que supostamente se esixe a aprobación dunha RPT, para coñecer a información económica do concello. Con respecto ao fondo, parécelle moi significativo como está feito o borrador e as táboas salariais. En determinados postos hai baixadas salariais no complemento específico que non se corresponden coa realidade deses postos. Afirmar que no cadro de persoal funcionario os postos son todos diferentes no caso concreto de Vimianzo, polo tanto o punto de partida é errado. Polo que respecta ao persoal laboral, considera que estamos diante dunha modificación substancial das condicións dalgúns postos. Parécelle moi significativo que despois de pedirlle o CSI-F o aumento do número de postos na Policía Local, se salten "á torera" os límites na creación de prazas, aínda que sexa un corpo especial. Hai máis oficiais que policías, algo inaudito nos concellos de Galicia.

O alcalde agradece ao Sr. E que poña estes asuntos enriba da mesa e sinala que o expediente está á súa disposición para consultalo.

A secretaria sinala que as actas das reunións da comisión mixta están no expediente, pero descoñece a que informes que esixen a aprobación dunha RPT se refire o Sr. E.

O alcalde pídelle á secretaria que se limite a levantar acta e lles deixe seguir a argumentación. Responde ao Sr. E que non lle consta que algún traballador non aportase a ficha. Respecto ao método de elaboración da proposta que hoxe traen, optouse por unha comisión na que están empregados municipais, non os sindicatos. Puntualiza que lle compete ao goberno a elaboración da RPT e nese sentido por suposto que é un documento "de parte". Afirmar que esta proposta de RPT é real e está seguro de que o señor E ten datos, polo que acaba de dicir. Pídelle que non fale de persoas, senón de postos, xa que por falar de persoas e non de postos temos a situación de tremenda desigualdade existente en termos retributivos. Nos informes da Intervención á nómina sempre aparece a observación da necesidade, por imperativo legal, de dotarse dunha RPT.

A interventora asinte.

O alcalde di que lle gustaría contentar a todos pero os sindicatos saben que eso non é posible. Un auxiliar administrativo fai o mesmo traballo, con independencia do departamento no que estea adscrito, e polo tanto non pode haber diferencias salariais entre eles. Non obstante, a xerarquía na pirámide do persoal existe e determina os límites retributivos. Pregunta se cando o representante do CSI-F fala de "RPT real" se refire a coller os salarios que hai actualmente e poñelos na RPT. Houbo eleccións sindicais e os representantes do persoal funcionario e laboral polo CSI-F non están presentes nesta reunión. Considera que deberían participar, pois a súa ausencia hoxe fai que queden totalmente deslexitimados diante dos traballadores aos que representan. Se cadra non viñeron porque lles parece ben a proposta de RPT da comisión e non están dacordo co que defende o sindicato. Din que poden analizar o documento e ir posto por posto, non hai problema. Refírese ao TAX da área económica, ao que se lle valora un complemento por substitución dos habilitados de 2.500 euros; algo que non se pode facer na área de secretaría, dado que non hai ningún funcionario/a do subgrupo A1. A praza de xefe da Policía local créase porque así o esixe a lei galega de coordinación de policías locais de Galicia e o concello estaba incumprindo a lei porque non tiña creada esa praza, senón a unha persoa que xa entrou como xefe. A praza de oficial creouse porque consideran que un concello como Vimianzo pode ter dous oficiais e dous policías, non é desproporcionado. Non sabe se CSI-F está en contra da creación desta praza. Hai



outra praza que se prevé amortizar cando se xubile o titular, pero non descartan mantela e cubrila por promoción interna, posibilitando a carreira profesional. Neste documento a comisión non lle da complementos a persoas con nomes e apelidos, senón a cada posto. Comenta os criterios que se teñen en conta na valoración do CE dos funcionarios, sinalando, como exemplo, que todo o mundo sabe o que é a "atención ao público" que se recoñece a auxiliares e administrativos. Considera que deben defenderse uns criterios de valoración progresivos e de xustiza social, de xeito que os salarios máis baixos aumenten en maior proporción que os máis altos. Pregunta en que postos hai variación substancial das condicións, tal como afirmou o representante de CSI-F, se é no de técnico de urbanismo, que se recolle como persoal funcionario, ou na de auxiliar de cultura, que actualmente é de monitor de tempo libre aínda que as funcións que realiza son as mesmas que agora se recollen na de auxiliar de cultura. Pregunta se CSI-F está discutindo a creación dunha praza de coordinador de servizos externos, que está moi xustificada e incluso é unha demanda dos propios traballadores, que precisan dalguén que se responsabilice e coordine esta área. Tamén se crean como persoal laboral fixo discontinuo tres postos que actualmente están como laboral temporal: dous oficiais de segunda de albanel e un tractorista.

O alcalde di que lle gustaría saber que alternativa de proposta de RPT ten o CSI-F. Agradece as boas palabras respecto de Carlos Amoedo, que loxicamente coñece todos os documentos necesarios para a valoración dos postos que formulou. Non nega que esta RPT trae distorsión, pero se cadra é porque hai xente que estivo cobrando indebidamente uns salarios que non se xustifican. Supón que como sindicato defenden que haxa homologación, non que un funcionario cobre 5.000 euros máis que outro que realiza o mesmo traballo, só por ser amigo do alcalde. Agora podemos facer unha segunda volta e concretar a data da vindeira reunión. Dilles que poden facer as aportacións que consideren oportunas e incluso presentar un documento alternativo.

O representante do CSI-F pregunta ao alcalde se cando dixo que na comisión había traballadores quere dicir que non respecta aos representantes dos traballadores. Explica que os representantes dos traballadores polo sindicato CSI-F todos tiveron algún problema persoal co concello, e por eso non quixeron estar hoxe presentes na reunión, pero si estiveron reunidos na Coruña, fóra do seu horario laboral, puntualiza. En ningún momento na súa intervención anterior descalificou ao persoal laboral, tal como dixo o alcalde, e non vai pasar por eso. Reitera que hai modificación substancial e aclara que non queren ir a xuízo, pero irán se non lles deixan outra alternativa. Recoñece que hai dous auxiliares administrativos que cobran menos que o resto, e eso pode arranxarse subíndolle o salario a eses dous e non baixando o dos outros. Repite que non tiveron participación na comisión mixta e por tanto agora negociar esta proposta do goberno é difícil. Afirma que el defende aos traballadores, e non ven a esta Mesa con ningún outro interese. Se o alcalde lles presenta eses informes nos que se basa para facer esta RPT, volverá a mirar o documento con cariño e explicarllo aos traballadores. Pide que se lle permita falar de persoas porque non falamos de patacas, senón de persoas precisamente.

O alcalde reitera a súa vontade de negociar. Non pretende ofender ao representante do CSI-F, pero a iniciativa correspóndelle ao goberno e van cumprir co que establece a lei, que esixe que se negocie a RPT e eso mesmo están facendo. Tamén agradece que o Sr. E recoñeza que existen desigualdades salariais en postos iguais, e repite que o goberno fai unha proposta sobre os postos e despois fálase das persoas. Non poden dicir que fulanito cobra 10.000 euros menos que menganito e a solución a esa desigualdade é subirlle a fulanito, porque sabe perfectamente que



eso non se pode facer. Entende que o Sr. E reivindique ter participado na comisión, pero o goberno optou por darlle participación agora, na fase de negociación, que é onde a lei prevé que participen. Di que a valoración dos postos na proposta de RPT que presentan está por riba da valoración da Xunta de Galicia. Nega que como alcalde faga o que lle da a gana, porque non ten ese talante. Cando un sindicato fala en termos de "modificación substancial" está falando de dereitos laborais, o que supón a antesala dunha demanda na xurisdición social.

Por último, o alcalde sinala que non lle consta que existan problemas persoais dos representantes dos traballadores co concello, a non ser que se refira a episodios de incumprimento de ordes do alcalde, ou considere que os funcionarios poden actuar ao seu libre albedrío, á marxe das obrigas do seu cargo. Pídelle ao representante do CSI-F que faga unha reflexión e pense se os que estaban antes na UXT despois viñeron para CSI-F xa con problemas ao lombo. Pide ao sindicato que presenten as súas propostas para a vindeira reunión, propoñendo como data o xoves 18 de maio ás 12 horas. Pide expresamente que acudan os representantes dos traballadores, que non pasa nada.

O Sr. E está dacordo na data e pide ver o expediente ese día, algo antes da reunión, por exemplo ás 11 horas.

A secretaria sinala que o expediente estará a súa disposición o xoves 18 de maio dende primeira hora da mañá para a súa consulta.

Sendo as trece horas e dez minutos da data referida dáse por rematada a comisión, do que dou fe.

A secretaria

María Cristina Varela García



Visto e prace  
O presidente

Manuel Antelo Pazos



